



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VEDRA

Secretaría-Intervención

Convocatoria de selección de personal (monitor/a de tempo libre)

Anuncio bases que rexerán a convocatoria para a contratación de persoal (1 monitor/a de tempo libre) a xornada completa por circunstancias da produción, para reforzo do servizo de madrugadores e ludoteca municipal.

ANUNCIO

Co obxecto de dar cumprimento ao disposto no artigo 205 nº 4 da Lei 2/2015 de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia, en relación á súa vez co disposto na Base Terceira das aprobadas por decreto do Alcalde núm. 906/2023 de 22 de novembro de 2023, a través da cal se aproban as bases que rexerán o procedemento de selección, para poder contratar a **1 monitor/a de tempo libre a xornada completa por circunstancias da produción**, para reforzo dos servizos de madrugadores e ludoteca municipal.

O procedemento de selección realizarase despois de presentar oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), e non se admitirán persoas candidatas que non sexan remitidas a través do SPEG.

Procédese a publicar ditas Bases, cuxo contido é o que deseguido se indica.

BASES PARA A CONTRATACION DUN MONITOR/A DE TEMPO LIBRE, PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES E LUDOTECA MUNICIPAL DE VEDRA, POLO PROCEDUREMTO DE OPOSICION

Primeira.- Obxecto da convocatoria.

É obxecto da presente convocatoria a contratación, na modalidade de Contrato Temporal por “circunstancias da produción” a xornada completa de un/unha “monitor/a de tempo libre para o servizo de madrugadores e ludoteca municipal de Vedra”, para reforzo do dito servizo e dada a urxente necesidade de continuar prestando o servizo, segundo o exposto e xustificado na Resolución da Alcaldía núm. 906/2023 de 22 de novembro de 2023.

Segunda.- Requisitos dos aspirantes.

Para tomar parte no proceso selectivo, os/as aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos na data de presentación da solicitude nas dependencias municipais:

a) Ter a nacionalidade española, sen prexuízo do disposto no artigo 57 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (TREBEP), para os nacionais doutros estados.

b) Ter cumpridos os 16 anos de idade, e non exceder, no seu caso, da idade máxima de xubilación forzosa.

c) Non padecer enfermidade ou defecto físico que impida o desempeño das funcións propias do posto de traballo.

d) Que non fora separado/a mediante expediente disciplinario de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais ou estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para exercer funcións similares ás que desempeñaban no caso de persoal laboral, no que houbese sido separado/a ou inhabilitados/as. No caso de ser nacional doutro Estado, non atoparse inhabilitado ou en situación equivalente nin ter sido sometido a sanción disciplinaria ou equivalente que impida, no seu Estado, nos mesmos termos o acceso ó emprego público.

e) Non incorrer en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na lei 53/1994 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas.

f) Estar en posesión do título de monitor/a de tempo libre e/ou técnico en animación sociocultural (TASOC), técnico/a de educación infantil.

g) Estar en posesión da licenza de condución de tipo B.

h) Estar en posesión ou poder acreditar no momento da contratación do certificado de inexistencia de antecedentes por delitos de natureza sexual; así como do certificado negativo de antecedentes penais relacionados cos delitos contra a infancia.

h) Estar inscrito como desempleado/a ou mellora de emprego no Servizo Público de Emprego. As persoas candidatas serán preseleccionados pola Oficina de Emprego Santiago Norte, previa oferta pechada presentada pola alcaldía do Concello de Vedra.

Terceira.- Convocatoria

O Concello de Vedra procederá a dar publicidade da convocatoria a través da Sede Electrónica do Concello e no BOP da provincia.

O procedemento de selección realizarase despois de presentar oferta de emprego no Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), e non se admitirán persoas candidatas que non sexan remitidas a través do SPEG.

Cuarta.-Comisión seleccionadora.

1.- A Comisión seleccionadora estará composta polos seguintes membros:

Presidente: Funcionario ou persoal laboral fixo da Administración Pública.

Secretario (con voz e sen voto): O da corporación, ou funcionario que o substitúa.

1º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

2º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

3º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

4º vocal: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

Vocal suplente: Funcionario ou persoal laboral fixo/indefinido da Administración Pública.

2.- O tribunal poderá solicitar axuda de técnicos ou asesores cando o considere axeitado.

3.- O Tribunal non poderá constituírse, nin actuar sen a presenza, polo menos, de tres dos seus membros, titulares ou suplentes, debendo estar presentes en todo caso o presidente e o secretario ou persoas en quen deleguen.

4.- Os membros do tribunal absteranse de intervir e comunicaranllo á autoridade competente cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 28.2 de Lei 30/1992 de réxime xurídico das administracións públicas.

5.- O tribunal resolverá tódalas dúbidas que xurdan en aplicación das presentes normas así como nos casos non previstos polas mesmas.

6.- As actuacións da Comisión seleccionadora poderanse recorrer conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

7.- O tribunal non poderá aprobar nin declarar que superaron as probas un número superior de aspirantes ao de postos de traballo convocados, aínda que co resto de persoas solicitantes non seleccionadas se establecerá unha orde para cubrir as posibles vacantes que puideran producirse, en función das puntuacións obtidas.

8.- O alcalde, vista a proposta do tribunal, procederá á adopción do decreto correspondente que resolverá a contratación.

Quinta.- Preselección de persoas candidatas

Unha vez recibida por este concello, do Servizo Público de Emprego de Galicia (SPEG), relación de persoas candidatas preseleccionadas, o señor Alcalde, mediante resolución aprobará a lista definitiva de admitidos/as que será exposta no taboleiro de edictos e na páxina web do concello de Vedra, incluíndo na mesma a composición do tribunal e a data, lugar e hora de celebración dos exercicios da fase de oposición.

Sexta.- Proceso de selección.

A selección realizarase de conformidade co previsto nas presentes bases coas persoas candidatas preseleccionadas e remitidas polo Servizo Público de Emprego de Galicia e admitidas por Resolución da Alcaldía mediante listaxe definitiva de admitidos/as.

Fase de oposición

A fase de oposición constará de dous exercicios de carácter obrigatorio e eliminatorio, en relación co temario que se xunta como anexo I, que consistirán en:

- Un exame tipo test de 10 preguntas máis 5 de reserva (a puntuación máxima deste exercicio será de 5,00 puntos, sendo preciso para superar esta proba acadar un mínimo de 2,00 puntos).
- Desenvolvemento por escrito dun suposto práctico a escoller por sorteo pola Comisión Seleccionadora de entre tres posibles no momento da proba (a puntuación máxima deste exercicio será de 5,00 puntos, sendo preciso para superalo acadar como mínimo 2,00 puntos).

A puntuación máxima da fase de oposición será de 10,00 puntos.

Os aspirantes presentarán no momento da fase de oposición o seu DNI.

Neste procedemento non se establece fase de méritos.

A puntuación definitiva estará determinada pola suma das puntuacións dos exercicios da fase de oposición.

A cualificación da fase de oposición farase pública no Taboleiro de Edictos e na web municipal.

Rematada a cualificación das persoas aspirantes, a Mesa Seleccionadora publicará a relación de persoas seleccionadas por orde de puntuación, que en ningún caso poderá exceder o número de postos convocados. Co resto de persoas participantes non seleccionadas establecerase unha bolsa de emprego por orde de puntuación de maior a menor.

Sétima.- Formalización dos contratos.

A proposta do tribunal cualificador elevarase á Alcaldía-Presidencia, para a resolución do expediente de contratación, mediante decreto.

O Contrato formalizarase co/coa aspirante seleccionado/a.

Oitava.- Norma final.

A presente convocatoria, as súas bases e todos os actos administrativos que da mesma se deriven e das actuacións do tribunal, poderán ser impugnados polos interesados no caso e na forma dispostos na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

ANEXO I

TEMARIO FASE OPOSICION PARA CONTRATACIÓN DE 2 MONITORES/AS DE LUDOTECA E SERVIZOS, PARA O SERVIZO DE MADRUGADORES E LUDOTECA MUNICIPAL DE VEDRA A MEDIA XORNADA

- 1.- Etapas evolutivas do menor de 3 a 6 anos e de 6 a 12 anos.
- 2.- O xogo como aprendizaxe
- 3.- Aprendizaxe da educación en valores a través do xogo
- 4.- Aprendizaxe de habilidades sociais nos menores a través dos xogos
- 5.- Dinámicas grupais cos menores

Vedra, 22 de novembro de 2023

O Alcalde-Presidente

Asdo.: Carlos Martínez Carrillo

2023/9284